

Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo

Setembro-Decembro de 2020

AVANZO DOS RESULTADOS

Xuño de 2021

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

Edita:

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial

Observatorio de Persoas Tituladas
Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende

Edificio Fundación

36310 Vigo

Tlf: 986 812 192

Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.es

Páxina Web: <http://observatorio.uvigo.gal/>

Este documento é propiedade do Consello Social da Universidade de Vigo.

Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu título e ao Consello Social como editora.

Índice

Introdución	2
1. Datos persoais e académicos	4
1.1 Datos persoais	4
1.2 Datos académicos	6
2. Perfil profesional das persoas tituladas da UVigo	7
2.1 Persoas que traballaban antes da segunda onda	7
2.2 Persoas que non traballaban antes da segunda onda	7
2.3 Taxa de ocupación.....	7
2.4 Lugar de traballo	7
2.5 Modalidade de contratación	9
2.6 Tipoloxía de contrato	10
2.6 Rama de actividade	10
2.7 Sector económico.....	10
2.8 Categoría profesional	10
2.9 Área funcional de traballo/departamento.....	10
2.10 Tamaño da empresa.....	10
3. Impacto da segunda onda da pandemia de Covid-19	11
3.1 Impacto sanitario	11
3.2 Impacto laboral	13
3.2.1 Situación socio-laboral	13
3.2.2 Taxa de ocupación.....	14
3.2.3 Taxa de desemprego	14
3.3 Impacto no modo de traballo.....	15
3.3.1 Modalidade de traballo durante a segunda onda da pandemia.....	15
3.3.2 Experiencia previa de teletraballo	15
3.3.3 Impacto sobre a carga de traballo.....	16
4. Valoración sobre o Teletraballo	17
4.1 Posibilidade de teletraballar	17
4.2 Cambios no emprego actual para incrementar o teletraballo.....	17
4.3 Requirimentos para incrementar a implantación do teletraballo	17
4.4 Frecuencia de teletraballo desexado	18
4.5 Vantaxes do teletraballo	18
4.6 Inconvenientes do teletraballo	19
4.7 Condicións da vivenda para teletraballar.....	20
5. Percepción sobre o impacto da pandemia na economía	21

Introdución

O Observatorio de Persoas Tituladas é un proxecto do Consello Social da UVigo que, desde a súa creación e posta en marcha en 2016¹, é a unidade encargada do seguimento da inserción laboral dos antigos estudantes da UVigo a partir da análise da súa experiencia académica e profesional. Nese labor de seguimento e de contacto coas persoas tituladas insírese a elaboración e realización periódica de estudos e enquisas encamiñadas ao antigo alumnado.

A partir dos contactos existentes na Base de Datos² de Persoas Tituladas da UVigo configurada polo Observatorio, entre os meses de maio e xuño de 2020, durante a primeira onda da actual pandemia de Covid-19³, o Observatorio de Persoas Tituladas realizou unha enquisa de inserción laboral a fin de determinar o impacto que estaba a causar a primeira fase da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo.

Aquel estudo⁴, pioneiro no sistema universitario galego e español, abordaba o impacto da primeira onda da pandemia a partir de tres perspectivas:

- Sanitaria: Porcentaxe de persoas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 na empresa en que traballan ou no seu ambiente laboral
- Socio-laboral: Incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego das persoas tituladas
- Modo de traballo: Medidas organizativas tomadas polas empresas/entidades para continuar a súa actividade

Complementando o seguimento da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo, o Observatorio de Persoas Tituladas, co apoio do Consello Social, presenta o avance dos resultados do *Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-Decembro de 2020*, onde se recollen os resultados globais da enquisa autoaplicada aos antigos estudantes das promocións comprendidas entre 1990 e 2020.

Este avance presenta un resumo dos principais resultados alcanzados na Enquisa de Impacto Laboral aplicada para valorar a segunda onda da pandemia de Covid-19 ás persoas tituladas de todas as promocións.

A poboación obxecto de estudo está centrada na poboación universitaria titulada en titulacións de 1º (diplomaturas e enxeñarías técnicas) e 2º ciclo (licenciaturas e enxeñarías superiores), graos, mestrados universitarios, doutoramento e títulos propios, de todas as promocións e independentemente do lugar en que se encontren residindo ou traballando.

¹ Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

² Conformada actualmente por máis de 13.500 antigos alumnos. Dita Base de Datos configúrose a partir da localización e identificación de todas as persoas tituladas da UVigo realizada polo Observatorio e das inscricións voluntarias das persoas tituladas.

³ Entre os días 26 de maio e 8 de xullo de 2020

⁴ Presentado publicamente o 19 de febreiro de 2021.

A mostra obtida foi de 2283 persoas tituladas. Para un nivel de confianza de 95%, e $p=q$, o erro real é de $\pm 2,018\%$ para o conxunto da mostra e no suposto de mostraxe aleatoria simples.

O número de respostas recollidas é elevado se levarmos en conta que, en primeiro lugar, fora realizada recentemente a enquisa sobre o impacto da primeira onda da pandemia e que, portanto, algúns dos titulados/as non terían mudado a súa situación profesional. Por outro lado, moitas persoas inquiridas manifestaron nos seus comentarios que terían máis facilidade en responder o formulario se a enquisa fose anónima dado que tiñan, nalgúns casos, que manifestar opinións sensíbeis sobre as empresas/entidades onde traballan. Compreendendo as súas preocupacións, consoante os fins do Observatorio, as enquisas tiñan que ser nominais, onde deben figurar os datos persoais e laborais.

A captación de datos realizouse a través dun formulario *on line* aloxado na Web do Observatorio. O cuestionario foi enviado por correo electrónico ás persoas tituladas rexistradas na Base de Datos do Observatorio. O traballo de campo desenvolveuse entre os días 27 de xaneiro e 5 de abril de 2021.

A seguir son presentados os principais resultados obtidos da Enquisa sobre o Impacto Laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo que ven de ser realizado polo Observatorio.

1. Datos persoais e académicos

1.1 Datos persoais

Xénero: A porcentaxe de mulleres tituladas que participaron no estudo (59,9%) supera á de homes (40,1%).

Lugar de residencia: A maioría de persoas tituladas (81,6%) residen en Galicia, contra os que o fan noutra Comunidade Autónoma (10,7%) e no resto do mundo⁵ (7,7%). A taxa de emigración⁶ masculina (21,1%) supera á feminina (16,6%).


Gráfica n°1: Lugar de residencia das persoas tituladas da UVigo



Residentes en Galicia:

- Provincias: Predominan os residentes en Pontevedra (64,2%), seguidos por Ourense (16,2%) e A Coruña (16,2%) e, a máis distancia, Lugo (3,5%).

Mapa n°1: Persoas tituladas residentes en Galicia por provincias




Residentes noutras Comunidades Autónomas:

- Comunidades Autónomas: Destacan a Comunidade de Madrid (43,7%) e Cataluña (20,4%), seguidas por Castela e León (6,1%), Comunidade Valenciana (4,9%) e Andalucía (4,5%).

⁵ En 38 países dos cinco continentes.

⁶ Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.


Mapa nº2: Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas




Residentes no resto do mundo:

- Países: Segundo mostran os mapas nº 3 (referido a Europa) e 4 (no resto de países do mundo), os países con máis titulados/as da UVigo son Alemaña (18,8%), Reino Unido (18,3%) seguidos, a máis distancia por Portugal (7,4%), Estados Unidos da América (5,7%) e Francia (5,1%).

Mapa nº3: Persoas tituladas residentes en Europa



Mapa nº4: Persoas tituladas residentes no resto de países do mundo



1.2 Datos académicos

Ámbitos académicos: Predominan as persoas tituladas da rama⁷ Xurídico-Social (47,2%), seguidas pola Tecnolóxica (26,9%), Artes e Humanidades (10,9%), Científica (9,6%), e das Ciencias da Saúde (4,4%).

Campus: A maioría das persoas tituladas realizaron os seus estudos no Campus de Vigo (63,3%) contra o de Ourense (21,6%) e Pontevedra (15,2%).

Tipoloxía de estudos: Dos titulados/as que responderon a enquisa, o 47,2% realizou unha titulación de ciclo longo⁸, 31,6% de ciclo curto⁹, o 10,4% de grao, 6,3% de mestrado universitario e un 4,3% de doutoramento.

Promoción académica: Por quinquenios, o 6,8% da mostra obtida obtivo o seu título entre 1990-95, 16,3% entre 1996-2000, 21,5% entre 2001-05, 24,5% entre 2006-10, 25,3% entre 2011-15 e 5,5% entre 2016-2020.

⁷ O 1,0% restante son titulados/as do ámbito Multidisciplinar.

⁸ Licenciatura (33,8%) e Enxeñaría Superior (13,4%).

⁹ Diplomatura (22,0%) e Enxeñaría Técnica (9,5%)

2. Perfil profesional das persoas tituladas da UVigo

2.1 Persoas que traballaban antes da segunda onda

A situación maioritaria en setembro de 2020 era a de empregado por conta allea na empresa privada (54,4%), seguido polos que traballan para a administración pública (24,9%). A máis distancia, áchanse as persoas tituladas emprendedoras, quer como traballadoras autónomas (6,7%) ou como empresarias ou titulares dunha empresa (2,1%).

Por xéneros é significativa a maior proporción de homes que traballan por conta allea na empresa privada (62,3% contra 49,2% de mulleres), ben como os que traballan como empresarios ou titulares dunha empresa (3,1% contra 1,4%). Polo contrario, a presenza feminina é significativamente máis frecuente no sector público (28,5% contra 19,5%) e no réxime especial de traballadores autónomos (7,0% contra 6,3%).

2.2 Persoas que non traballaban antes da segunda onda

A situación predominante entre as persoas que non traballaban en setembro de 2020 era a de desempregado/a, procurando emprego (7,0%). Do total de persoas tituladas que responderon a enquisa, samente un 1,8% estaba a preparar oposicións, un 0,5% encontrábase a cursar estudos universitarios¹⁰ e un 0,6% dedicado ao coidado familiar. Finalmente, os xubilados/pensionistas, representan o 0,7%.

Por xéneros, as mulleres presentan unha maior taxa de desemprego (7,5% contra o 6,2% de homes), ben como, de forma significativa, unha maior proporción de persoas a preparar oposicións (2,4% contra 0,8%), ou dedicadas ao coidado familiar (0,9% contra o 0,2%). Porén, non é significativa a proporción de persoas tituladas que continúan a cursar estudos universitarios ou en excedencia.

A baixa laboral afecta ao 1,2% das persoas tituladas, sendo superior nas mulleres (1,8%) que nos homes (0,4%).

2.3 Taxa de ocupación

A proporción de persoas que traballaban antes do inicio da segunda onda da pandemia de Covid-19¹¹ era do 89,5%.

Xénero: É levemente superior proporción de homes (91,8%) que de mulleres (88,0%).

Lugar de residencia: Aínda que a taxa de ocupación en Galicia (88,5%) é levemente inferior, non existen diferenzas estatisticamente significativas entre as persoas tituladas emigradas no estranxeiro e noutras Comunidades Autónomas (94,3% ambas).

2.4 Lugar de traballo

O 78,0% traballa en Galicia, seguido por outra Comunidade Autónoma (13,1%) e no resto do mundo¹² (8,8%). A proporción de mulleres emigradas (19,1%) é inferior á de homes (26,0%).

Gráfica nº2: Lugar de traballo das persoas tituladas da UVigo

¹⁰ Predominan as persoas tituladas que están a realizar estudos de doutoramento e mestrado (46,2% ambos) e o 7,7% restante son estudantes de grao.

¹¹ Data referencia: 1 de setembro de 2020.

¹² En 34 países dos cinco continentes.



Persoas tituladas que traballan en Galicia:

- A maioría traballa en Pontevedra (61,7%), seguido pola Coruña (18,6%) e Ourense (15,8%). En Lugo tan só traballa o 4,0% das persoas inquiridas.


Mapa n°5: Persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias



Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas:

- Destacan a Comunidade de Madrid (47,7%) e Cataluña (17,4%), seguidas por País Basco (5,7%), Castela e León (5,3%) e País Valenciano (4,2%).


Mapa n°6: Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas




Persoas tituladas que traballan no resto do mundo:

- Países: Tal como mostran os mapas n° 7 (referido a Europa) e 8 (referido ao resto de países do mundo), segundo o lugar de traballo destacan Alemaña (19,2%) e Reino Unido (17,5%), seguidos por Portugal (7,9%), Francia (5,6%), Estados Unidos da América (5,1%) e Bélxica (4,0%).

Mapa n°7: Persoas tituladas que traballan en Europa



Mapa n°8: Persoas tituladas que traballan no resto de países do mundo



2.5 Modalidade de contratación

En setembro de 2020, a maioría (90,0%) traballaba por conta allea¹³ contra o 9,9% que o facía por conta propia¹⁴. Por xéneros non existen relacións de dependencia estatística, ao ser semellantes as proporcións de traballo por conta allea de mulleres (90,2%) e homes (89,7%).

¹³ Empregados/as na empresa privada (54,4%) e empregados/as na administración pública (24,9%).

¹⁴ Traballadores/as autónomos/as (6,7%) e empresarios/as (2,1%).

2.6 Tipoloxía de contrato

Entre as persoas tituladas que traballan por conta allea predominan contratos indefinidos (79,5%) contra os eventuais (20,5%). Entre os contratos de duración definida predominan os contratos temporais (14,1%), por obra/servizo (5,2%), bolsas (0,9%) e en prácticas (0,3%). Con todo, seguen a existir titulados a traballar sen contrato (0,1%).

Xénero: Son estatisticamente significativas as diferenzas nas porcentaxes de contratos indefinidos (83,8% de homes contra 76,3% de mulleres), que se traducen fundamentalmente na maior presenza feminina de contratos eventuais/temporais (17,4% contra 9,5% de homes). No resto de categorías (contratos por obra/servizo, bolsas e contrato en prácticas) son moi semellantes as proporcións de homes e mulleres.

2.6 Rama de actividade

A maioría traballa na empresa privada (65,1%), seguido polo ámbito público (30,4%) e entidades non lucrativas (4,5%).

2.7 Sector económico

Dos 34 sectores avaliados destacan o ensino/docencia (16,5%), seguido polos servizos da administración pública (8,8%), sanitario/saúde (6,7%), automoción (6,1%), consultoría (5,3%), servizos a empresas (4,9%), banca e seguros (4,6%), actividades profesionais (4,3%), telecomunicacións/IT (4,1%) e alimentación/industria alimentaria (4,0%).

2.8 Categoría profesional

A maioría traballaba como técnicos/as cualificados (62,3%), mandos intermedios (19,1%), directivos/as (12,4%) e empregados sen cualificación (6,2%).

2.9 Área funcional de traballo/departamento

Das 16 áreas avaliadas, destacan administración e finanzas (14,3%), formación e ensino (14,2%), servizos (10,9%), informática e tecnoloxía (7,6%), enxeñaría e construción (7,1%), I+D+i (6,9%) e sen áreas diferenciadas na empresa (7,0%).

2.10 Tamaño da empresa

Case a metade dos titulados/as (48,0%) traballaba en grandes empresas (36,1% con 1000 ou máis empregados/as e 11,9% de 250 a 1000 empregados/as). A outra metade distribúese entre pequenas empresas¹⁵ (18,1%), medianas empresas¹⁶ (17,3%) e microempresas¹⁷ (11,6%). En menor medida (5,0%) están as empresas individuais (traballadores/as autónomos/as).

¹⁵ De 10 a 49 empregados/as.

¹⁶ De 50 a 249 empregados/as.

¹⁷ De 2 a 9 empregados/as.

3. Impacto da segunda onda da pandemia de Covid-19

3.1 Impacto sanitario

A maioría de persoas tituladas entrevistadas (55,6%) referiu a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 no seu ambiente de traballo durante a segunda onda da pandemia.

Lugar de traballo: O impacto sanitario en Galicia (52,3%) foi inferior ao rexistrado no estranxeiro (67,4%) e noutras Comunidades Autónomas (67,2%).


Gráfica nº3: Impacto sanitario da segunda onda da pandemia segundo o lugar de traballo



Persoas tituladas que traballan en Galicia:

Provincias: O impacto foi superior nas provincias da Coruña (53,7%) e Pontevedra (53,2%) que en Lugo (47,5%) e Ourense (48,5%).


Mapa nº9: Impacto sanitario da segunda onda da pandemia en Galicia



Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas:

O impacto sanitario foi total nas comunidades autónomas de Aragón, Extremadura e Rexión de Murcia, seguido por Castela e León (85,7%), Cantabria (80,0%), Illas Baleares e Illas Canarias (75,0%), País Basco (73,3%), País Valenciano (72,7%) e Comunidade de Madrid (71,1%).


Mapa nº10: Impacto sanitario da segunda onda da pandemia noutras Comunidades Autónomas




Persoas tituladas que traballan no resto do mundo:

Referiron contaxios, tal como mostran os mapas nº 11 (referido a Europa) e 12 (referido ao resto de países do mundo), a totalidade das persoas que traballan en Andorra, Chequia, El Salvador, Eslovaquia, México, Perú, Suecia e Turquía, seguidos, polos que traballan en Portugal (92,9%), Estados Unidos da América (88,9%), Francia (80,0%), Reino Unido (77,4%), Chile, Dinamarca, Italia e Luxemburgo (75,0% cada un) e Países Baixos (66,7%).

Mapa nº11: Impacto sanitario da segunda onda da pandemia en Europa



Mapa nº12: Impacto sanitario da segunda onda da pandemia no resto de países do mundo



Rama de actividade: Houbo máis incidencia no ámbito público (72,1%), seguido pola empresa privada (48,3%) e entidades non lucrativas (47,6%).

Sector económico: Os máis afectados foron a madeira (100,0%), defensa e seguranza (88,9%), ensino/docencia (77,2%), sanitario/saúde (74,0%), aeroespacial (72,7%); industria química, plástico, vidro e envases (68,4%), téxtil e confección (68,2%) e actividades inmobiliarias (66,7%).

Tamaño da empresa: A incidencia sanitaria no ámbito laboral foi máis alta nas grandes empresas (69,1%), contra o mínimo de 16,8% nas empresas individuais e 19,3% nas microempresas.

3.2 Impacto laboral

3.2.1 Situación socio-laboral

No final da segunda onda da pandemia (31 de decembro de 2020), a inmensa maioría (85,4%) seguía no mesmo emprego/actividade que tiña no inicio da segunda onda. Un 4,5% xa estaba desempleado en setembro, ao que se suma o 2,0% que perdeu o traballo que tiña no período avaliado. Polo contrario, un 3,5% encontrou emprego e un 2,1% mudou de emprego. Finalmente, un 2,6% seguía na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...).

Cadro nº1: Situación socio-laboral global e por xénero

	Global	Home	Muller
Segue no mesmo emprego	85,4	88,3	83,5
Encontrou emprego	3,5	3,2	3,7
Mudou de emprego	2,1	2,1	2,0
Xa estaba desempleado/a	4,5	3,6	5,0
Perdeu o emprego	2,0	1,4	2,3
Segue na mesma situación	2,6	1,4	3,4

3.2.2 Taxa de ocupación

Durante a segunda onda da pandemia de Covid-19 a taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo experimentou un incremento do 1,68%, ao pasar dunha taxa de ocupación do 89,5% en setembro de 2020 a un 91,0% en decembro de 2020.

Xénero: O incremento na taxa de ocupación experimentado polos homes (+1,96%) é levemente superior ao rexistrado polas mulleres (+1,36%).

Cadro nº2: Variación da taxa de ocupación global e por xénero

	Setembro 2020	Decembro 2020	Variación
Home	91,8	93,6	+1,96
Muller	88,0	89,2	+1,36
GLOBAL	89,5	91,0	+1,68

Tipoloxía de estudos: Os maiores aumentos na taxa de ocupación producíronse entre as persoas tituladas en doutoramento (7,2%), mestrado universitario (6,7%) e graos (3,7%), contra os mínimos de licenciados/as (0,4%), diplomados/as (0,7%), enxeñeiros/as técnicos/as (1,0%) e enxeñeiros/as superiores (1,4%).

Cadro nº3: Variación da taxa de ocupación segundo a tipoloxía de estudos

	Setembro 2020	Decembro 2020	Variación
Diplomatura	91,8	92,4	+0,65
Doutoramento	84,7	90,8	+7,23
Enxeñaría Superior	96,1	97,4	+1,36
Enxeñaría Técnica	94,5	95,4	+0,97
Grao	80,2	83,1	+3,68
GU	33,3	33,3	+0,00
Licenciatura	89,4	89,8	+0,44
Mestrado Universitario	81,8	87,3	+6,73

Lugar de residencia: O incremento na taxa de ocupación rexistrado entre as persoas tituladas que traballan no estranxeiro (+2,97%) e en Galicia (+1,58%) supera ao producido noutras Comunidades Autónomas (+0,42%).

Cadro nº4: Variación da taxa de ocupación segundo o lugar de residencia

	Setembro 2020	Decembro 2022	Variación
Galicia	88,5	89,9	+1,58
Outras Comunidades Autónomas	94,2	94,6	+0,42
Resto do mundo	94,4	97,2	+2,97

3.2.3 Taxa de desemprego

Durante a segunda onda da pandemia de Covid-19 a taxa de desemprego das persoas tituladas da UVigo experimentou unha diminución do 7,14%, pasando dun 7,0% en setembro de 2020 a un 6,5% en decembro de 2020.

Xénero: A diminución da taxa de desemprego masculina viuse reducida en maior proporción que a feminina (19,4% contra 1,3%)

Cadro nº5: Variación da taxa de desemprego global e por xénero

	Setembro 2020	Decembro 2020	Variación
Home	6,2	5,0	-19,4
Muller	7,5	7,4	-1,3
GLOBAL	7,0	6,5	-7,1

- Causas do desemprego¹⁸ : As principais causas referidas polos que perderon o seu emprego foron a finalización de contrato (67,6%), seguida pola suspensión da actividade profesional (11,8%) e os despedimentos (8,8%).
- Recuperación do emprego: Algo máis da metade (58,6%) espera recuperar o emprego perdido durante a segunda onda da pandemia.
- Percepción de axudas por suspensión de actividade/peche de negocio: A maioría (71,4%) das persoas afectadas por esta situación recibiu algunha axuda pública destinada a este colectivo.
- Procura de emprego: A maioría (74,6%) das persoas desempregadas procuraron emprego entre os meses de setembro e decembro de 2020.

3.3 Impacto no modo de traballo

3.3.1 Modalidade de traballo durante a segunda onda da pandemia

A porcentaxe de persoas tituladas empregadas que traballaron no seu lugar habitual (ben con “normalidade” ou con restricións) ascendeu ao 52,9%, ficando 10,1 puntos porcentuais abaixo dos que teletraballaron ou fixeron traballo remoto de forma parcial (23,0%) ou completa (19,7%). Por xéneros, foi maior a proporción de homes que traballaron desde casa, quer de forma completa (22,5% contra 17,7%), quer de forma parcial (24,8% contra 21,8%).

As persoas inquiridas que afirman estaren incluídas en ERTE (ou figura similar no estranxeiro) representan o 2,3% de todos os empregados/as.

Os empregados que atravesaron esta fase da crise en casa sen desempeñar unha actividade laboral, por teren estado de baixa (1,4%), en casa sen teletraballar (0,2%) ou teren suspendido temporalmente a súa actividade económica debido ás restricións (0,3%), alcanza o 2,0%.

En definitiva, entre os inquiridos que traballaron durante a segunda onda da pandemia, o grupo maioritario (52,9%) estivo formado polos que traballaron no seu lugar habitual, seguido polos que o fixeron parcial ou totalmente desde casa (42,8%). Un 2,3% estivo en ERTE e o 2,0% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral.

3.3.2 Experiencia previa de teletraballo

Entre as persoas que teletraballaron total ou parcialmente durante a segunda onda da pandemia, a maioría (76,8%) teletraballara antes: o 44,1% durante a primeira onda da pandemia (entre marzo e xuño de 2020) e o 32,7% antes da aparición da pandemia. Un 23,2% das persoas inquiridas teletraballou por primeira vez durante a segunda onda da pandemia.

No entanto, por xéneros existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo superior a experiencia previa de homes (79,8%) que de mulleres (74,2%), sendo tamén superior

¹⁸ Persoas tituladas da UVigo que perderon o emprego durante a segunda onda da pandemia.

a proporción de mulleres que teletraballaron por primeira vez durante no período avaliado (25,8% contra 20,3%).

3.3.3 Impacto sobre a carga de traballo

Durante a segunda onda da pandemia de Covid-19 un 44,0% das persoas tituladas viu aumentada a súa carga de traballo contra un 11,0% que referiu ter diminuído. Para o 45,0% das persoas inquiridas o seu volume de traballo permaneceu inalterable.

Por xéneros existen diferenzas estatisticamente significativas, pois case metade de mulleres (49,3% contra o 36,5% de homes) referiu que a súa carga de traballo tiña aumentado no período avaliado.

4. Valoración sobre o Teletraballo

O formulario aplicado neste estudo incluíu unha serie de preguntas destinadas a valorar o teletraballo, unha modalidade que demostrou ter sido das máis eficaces para evitar os contaxios no ambiente laboral, mais que nen sempre é aplicábel a todos os postos de traballo.

4.1 Posibilidade de teletraballar

A maioría de persoas tituladas (81,0%) afirma que o seu traballo permite traballar, dunha forma parcial (41,9%) ou total (39,1%). Para o 19,0% o emprego realizado non permite realizar o seu traballo en casa.

4.2 Cambios no emprego actual para incrementar o teletraballo

Indagouse se as persoas tituladas poderían teletraballar máis e mellor se se fixesen cambios no seu traballo actual. Un 41,1% das persoas inquiridas acha que non podería teletraballar máis e mellor aínda que se fixesen cambios no seu posto de traballo actual. Polo contrario, o 38,3% considera que sería posíbel. Un 20,6% referiu non estar seguro con esta hipótese.


4.3 Requirimentos para incrementar a implantación do teletraballo

As persoas tituladas foron inquiridas sobre os cambios que serían requiridos para que se puidese incrementar a súa porcentaxe de teletraballo.

O 47,2% das persoas tituladas afirmaron que teletraballarían máis se contasen de mellores recursos técnicos, o que pon de manifesto a existencia de carencias no uso de dispositivos portáteis, ferramentas, sistemas de seguranza e de información preparados para o traballo remoto, ben como que non todas as empresas/entidades dotan os seus empregados de computadores, aplicacións e comunicacións.

Logo a seguir, co 46,7%, o segundo factor referido polas persoas tituladas da UVigo para incrementar a implantación do teletraballo no seu emprego é a vontade por parte das empresas. Se considerarmos outros factores apuntados como a confianza por parte dos mandos (24,3%) e o compromiso e responsabilidade dos empregados (19,9%), colocan a necesidade dun cambio de cultura no seo das organizacións.

Gráfica nº4: Requirimentos para incrementar o teletraballo




En terceiro lugar, para 35,7%, unha mellora na organización do traballo permitiría a realización do teletraballo, o que evidencia disfuncións no seo das organizacións. Nese sentido, o 9,8% reconeceu que a automatización de tarefas realizadas actualmente por persoas fomentaría o traballo remoto.

Finalmente, entre os factores exóxenos ás organizacións, destacan, a aceptación do traballo remoto por parte de clientes (19,3%) e, en moita menor medida, de provedores (2,0%).

4.4 Frecuencia de teletraballo desexado

Inquiridos sobre a porcentaxe de tempo que preferirían teletraballar, un 45,7% referiu que gustaría de traballar entre 2 e 3 días na semana (entre o 40-60% do tempo). Un 14,0% catro días na semana e un 13,7% todos os días útiles (de luns a venres). Pola contra, un 17,4% prefire non teletraballar e un 9,3% un só día á semana (20% do tempo).

Gráfica nº5: Tempo de teletraballo desexado




4.5 Vantaxes do teletraballo

Co obxecto de determinar os principais atractivos do teletraballo nun contexto marcado pola pandemia, a enquisa aplicada inquiriu sobre as vantaxes que comporta o teletraballo. Para unha considerábel maioría (77,0%), a principal vantaxe do teletraballo é a redución do tempo de desprazamento. Logo a seguir e ligado a este factor, un 60,2% valora positivamente o aforro en gastos de desprazamentos laborais. A máis distancia, o 39,9% de antigos estudantes da UVigo considera que o teletraballo permite pasar máis tempo coa familia.

Un terzo das persoas inquiridas (33,7%) mostrou unha preocupación coa mellora do ambiente, na medida que a redución dos desprazamentos sistemáticos en vehículos motorizados ao lugar de traballo contribúe, entre outros factores, á redución das emisións. Para o 29,3% o teletraballo contribúe a aumentar a súa produtividade, pois aumenta a concentración dos empregados/as.

A máis distancia, foron referidos os aforros asociados ao teletraballo, tanto en gastos persoais (19,2%) como en custos á empresa (18,6%). Finalmente, un 19,4% referiu que o teletraballo permite o acceso a oportunidades laborais noutras cidades e países.


Gráfica nº6: Vantaxes do teletraballo



4.6 Inconvenientes do teletraballo

A inmensa maioría (86,1%) sinalou a falta de contacto social como o principal inconveniente do teletraballo, seguido da dificultade para separar o horario laboral e persoal (60,4%) e, en menor proporción, da sobrecarga de traballo (35,6%).

Gráfica nº7: Inconvenientes do teletraballo



Para un terzo das persoas inquiridas (32,8%) o teletraballo imputa no empregado/a custos que deberían ser asumidos pola empresa/entidade empregadora.


A ausencia de recursos técnicos é un factor referido polo 24,1% das persoas inquiridas.

Finalmente, tamén foron referidos, en menor proporción, a conciliación familiar con fillos menores ou persoas dependentes (15,7%), a redución da produtividade (10,5%) e a perda de oportunidades de progreso na carreira profesional (7,6%).

4.7 Condicións da vivenda para teletraballar

A enquisa aplicada abordou se as condicións actuais da vivenda permitirían teletraballar adecuadamente. A maioría (84,9%) respondeu afirmativamente: 70,3% no estado actual contra o 14,6% que referiu que a súa vivenda actual precisaría reformas menores. Polo contrario, o 15,1% respondeu negativamente esta hipótese, alegando non contemplar a opción de teletraballar (7,6%), ou condicionando esta decisión a conseguir organizarse cos medios dispoñibles (6,3%) ou contemplando a opción de mudar de residencia aínda que sexa máis lonxe (1,2%).

Gráfica nº8: Condicións da vivenda para teletraballar adecuadamente




5. Percepción sobre o impacto da pandemia na economía

As persoas tituladas que participaron neste estudo foron inquiridas sobre o impacto que a crise económica provocada pola pandemia estaba a causar na súa economía persoal e doméstica, ben como as súas expectativas de melloría da situación da economía doméstica.

- A maioría (70,1%) afirmou que a súa economía persoal non se viu alterada durante o ano 2020. Mentres que para un 19,1% diminuíron os seus ingresos persoais, para o 10,9% víronse incrementados.
- Aínda que unha maioría do 63,6% dos inquiridos/a afirma que a situación económica do seu fogar non se viu alterada durante o ano 2020, un 26,5% declarou que empeorou contra o 9,9% que viron incrementados os seus ingresos.

Gráfica nº9: Impacto nos ingresos



- A maioría de persoas inquiridas (55,6%) acha que a situación económica do seu fogar non vai mellorar nos próximos meses contra o 21,1% que encara positivamente o seu futuro económico inmediato.

Gráfica nº10: Perspectivas sobre a evolución da economía doméstica a curto prazo

